

Don Xosé Manuel Táboas Couso, con D.N.I. [REDACTED], enderezo na rúas As Barxas [REDACTED] e actuando como representante do Colectivo de Afectados polas Antenas de Telefonía Mobil da rúa As Barxas, colectivo este que se leva movendo por este tema dende o pasado mes de decembro no que se colocaron novas antenas no edificio que Telefónica ten nesta rúa.

EXPÓN:

1º.- Dado que existen diversos estudos que demostran que a contaminación electromagnética producida por este tipo de antenas poden afectar a saúde da poboación que habita arredor destas instalacións (sobre todo a infantil, a cal é moi numerosa nesta nova zona residencial); que nesta rúa hai en este momento un transformador de media tensión e unha estación base de telefonía mobil cunha acumulación de antenas de distintas compañías (Movistar, Vodafone, Yoigo e sospeitamos que Imagenio); e que vimos observando como se están ampliando este número de antenas nestes últimos meses, semellando que se está trasladando para esta rúa o que ningún veciño doutra zona quere polo risco que este tipo de instalacións supón para a saúde. O pasado 4 de abril presentamos un escrito ao Concello, respaldado por máis de 800 sinaturas, onde se pedía distinta documentación sobre as licenzas das que dispoñen estas antenas e unha entrevista co Concelleiro de Medio Ambiente Daniel Rodas.

2º.- Mantivemos unha reunión con este concelleiro na que lle expusemos os nosos temores sobre a contaminación electromagnética que emiten este tipo de antenas e pedímoslle que ante a non demostración da inocuidade deste tipo de ondas, se retiraran desta zona estas antenas aplicando o principio de precaución. Quedando en seguir mantendo unha canle de comunicación para tratar este tema.

3º.- Que o pasado 5 de maio recibimos da Concellería de Medio Ambiente parte da documentación da que lle solicitamos no escrito.

4º.- Revisados estes documentos, o pasado 30 de maio de 2008 deixamos constancia por escrito neste Concello, para os efectos que desto se deriven, de que as antenas non dispoñen de “**Licenza de Actividade Clasificada**” (Normativa estatal para o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e perigosas).

5º- Para que comprendan a nosa preocupación e se poidan documentar sobre este tema, xunto con este escrito, aportámoslles unha copia da petición presentada no Concello (onde aparecen distintos estudos relacionados coa contaminación electromagnética), as recomendacións sobre as antenas sen licenza presentadas polo Valedor do Pobo no seu último informe ante o Parlamento Galego e a declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente a favor da aplicación do principio de precaución (Informe Bioinitiative 2007).

SOLICITA:

1º.- A tódolos concelleiros que conforman esta corporación, xa que son os que nos poden e deben representar, que loiten polo interese máis valioso que teñen os cidadáns deste Concello, que é a súa saúde e a dos seus fillos. Polo que pedimos a retirada desta estación de telefónica móbil desta zona residencial a un lugar fora de zonas habitadas, onde se poida conciliar as novas tecnoloxías co dereito a saúde establecido na Constitución Española.

2º.- Que se estas compañías solicitan a Licenza de Actividade Clasificada (en base ao RAMINP), esta corporación teña a ben non conceder dita licenza aplicando o **PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN** (tal e como recomenda a Axencia Europea de Medio Ambiente e o Valedor do Pobo no seu último informe presentado no Parlamento Galego) e que esta corporación sexa quen de negociar con estas compañías unha solución para tódalas antenas colocadas nas zonas residenciais de Moaña (Barxas, Portal do Almacén, Tirán...) apartándoas destes lugares e trasladándoas a un espacio onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebaixe aos niveis biolóxicos mínimos tolerables e que non afecten a poboación.

3º.- Unha reunión deste colectivo con tódolos grupos políticos que conforman esta corporación para informarlles máis detidamente da preocupación que estas antenas están provocando en moitos dos veciños deste lugar.

Moaña, a 13 de xuño de 2008

Asinado: Xosé Manuel Táboas Couso

GRUPOS MUNICIPAIS DO DO EXCMO. CONCELLO DE MOAÑA

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MOAÑA